

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A Lei galega 11/2007 establece que a Xunta garantirá e promoverá a formación en igualdade das/dos profesionais que traballan en ámbitos relacionados coa violencia de xénero, e en especial:

- A) No ámbito dos servizos sociais.
- B) No ámbito da sanidade.
- C) No ámbito da educación.
- D) En todos os anteriores, entre outros.

2. De acordo coa Constitución española, Cal dos seguintes é un fundamento da orde política e da paz social?

- A) A universalidade da educación.
- B) A dignidade da persoa.
- C) A soberanía de España.
- D) O dereito a pensións dignas.

3. A quen corresponde o nomeamento do Presidente da Xunta de Galicia?

- A) Ao Rei.
- B) Ao Parlamento de Galicia.
- C) Ás Cortes Xerais.
- D) A ningún dos anteriores.

4. Segundo as bases reguladoras do procedemento de Concurso de Traslados aberto e permanente, cando se inicia o ciclo anual de adxudicación de destinos?

- A) A partir do 15 de xaneiro de cada ano natural.
- B) A partir do 15 de xaneiro de cada dous anos naturais consecutivos.
- C) A partir do 15 de decembro de cada ano natural.
- D) A partir do 15 de decembro de cada dous anos naturais consecutivos.

5. De acordo coa Lei de saúde de Galicia, Cales serán os órganos de participación das asociacións de pacientes no ámbito territorial das áreas sanitarias?

- A) A Inspección de servizos sanitarios.
- B) Os Consellos de saúde de distrito.
- C) Os Consellos asesores de pacientes de área.
- D) A Comisión de Dirección da área.

6. De acordo coa Lei Xeral de Sanidade, cal dos seguintes non é un dereito do sistema sanitario público?

- A) Participar, a través de institucións comunitarias, nas actividades sanitarias.
- B) Obteñer os medicamentos e produtos sanitarios que se consideren necesarios para promover, conservar ou restablecer a súa saúde.
- C) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias.
- D) O respecto á súa personalidade, dignidade humana e intimidade.

7. De acordo co Estatuto Marco, non é un principio do réxime disciplinario do persoal estatutario:

- A) A tipicidade.
- B) A retroactividade.
- C) A proporcionalidade.
- D) A eficacia.

8. De acordo coa Lei de saúde de Galicia, cales son as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios?

- A) As zonas sanitarias.
- B) Os distritos sanitarios.
- C) As áreas sanitarias.
- D) Os términos municipais.

9. De acordo co Estatuto Marco, que criterios se utilizan para clasificar o persoal estatutario dos servizos de saúde?

- A) O nivel do Título esixido.
- B) O tipo de nomeamento.
- C) A función desenvolvida.
- D) Todos os anteriores.

10. De acordo coa Lei galega 3/2001, cal dos seguintes é un dato mínimo que debe figurar no formulario de consentimento informado?

- A) A sinatura do responsable do Servizo de atención ao paciente.
- B) A identificación do médico que informa.
- C) A identificación do representante legal da institución sanitaria.
- D) Todos os anteriores.

Preguntas de reserva

1. De acordo coa Lei 31/1995, que se considera un dano derivado do traballo?

- A) A posibilidade de que o traballador sufra un incidente derivado do traballo.
- B) As patoloxías laborales que derivan nunha situación de incapacidade, exclusivamente.
- C) Os accidentes de traballo "in itinere", exclusivamente.
- D) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.

2. De acordo co Decreto 206/2005, non é un suposto de mobilidade do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) Os motivos de saúde do propio traballador.
- B) Os motivos de saúde do cónxuxe do traballador.
- C) A violencia de xénero.
- D) O desempeño dun segundo posto de traballo no sector público.